



Concello de Monterroso

ACTA DE RESOLUCION DE RECLAMACIÓN PRESENTADAS PARA 3 POSTOS DE OPERARIOS-CONDUCTORES DO VEHICULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE MONTERROSO,

LUGAR: Casa do Concello de Monterroso.

DÍAS: 22/06/2021

CONVOCATORIA: X.G.L. 02/06/2021

As 19:00 horas reúnen os membros do Tribunal de selección, baixo a presidencia de D. José Luís Mato Vázquez e vocais D. José Antonio Varela Vázquez, D. Fernando Otero Gómez e D^a María Cruz Vázquez García, actuando como Secretaria Dna. María del Pilar Darriba Muñoz.

O tribunal reúnese para dar contestación á reclamación presentada por D. Óscar Luís García García, RC 2016 do 22.06.2021, na que reclama que se valoren catro cursos teóricos-prácticos de formación realizados con ocasión de ser seleccionado como persoal de prevención de incendios do Concello de Monterroso en anos anteriores. O reclamante alega que na selección do ano 2020 se lle tiveron en conta estes cursos e tamén alega que os cursos están debidamente acreditados e teñen relación coas funcións propias do posto.

Este tribunal non entra a valorar a puntuación acadada polo reclamante noutras seleccións de persoal de anos anteriores posto que os tribunais de selección son diferentes así como as bases que rexen os diferentes procedementos.

Neste caso, este tribunal entende que os cursos teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais teñen carácter obrigatorio para poder realizar a contratación do persoal que integra a prevención e defensa contra incendios forestais ao abeiro do establecido no Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Monterroso para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais. Resulta ademais que o reclamante presenta catro cursos relativos á mesma formación, formación que non se lle tivo en conta a ningún aspirante por ter un carácter obrigatorio.

E por tanto que este tribunal rexeita a reclamación presentada por D. Óscar Luís García García, dando como válida a puntuación acadada polos aspirantes:

As puntuacións obtidas son as seguintes:

NOME E APELIDOS	NIF	Experiencia 2 puntos	Formación 1 puntos	CAP 1 punto	muller 1 punto	Proba práctica 5 puntos	Total
CARBALLO GOMEZ DANIEL	XXX8906X X	-	-	1,00	-	5,00	6,00
RODRIGUEZ RODRIGUEZ DAVID	XXX4719X X	0,60	1,00	-	-	4,00	5,60
CASTIÑEIRA SEIJAS ABEL FELIX	XXX4846X X	-	-	1,00	-	4,00	5,00
GARCIA GARCIA OSCAR LUIS	XXX1474X X	2,00	-	-	-	2,50	4,50
FERNANDEZ RIELO NABOR	XXX5800X X	-	0,50	-	-	2,50	3,00
ALVAREZ SANCHEZ VICTOR	XXX9616X X					2,00	-
FERNANDEZ CATARINO MARCOS	XXX7962X X	non presentado					
GARCIA BACEIREDO MANUEL	XXX6410X X	non presentado					

Concello de Monterroso



Concello de Monterroso

MACHADO RODRIGUEZ BELEN	XXX6617X X	non presentado
----------------------------	---------------	----------------

O Tribunal, unha vez efectuada a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición e resolta a reclamación presentada, acorda a publicación da relación de aspirantes no Taboleiro de Anuncios e na páxina web www.monterroso.es e a súa elevación á Alcaldesa do Concello de Monterroso para a súa aprobación.

Rematado o acto, sendo as 19:30 horas do día 22 de xuño de dous mil vinte e un, asínase polos que interveñen a presente acta no lugar e data ó comezo sinalados.

O presidente do Tribunal

Os vogais

Hª Cruz V

A Secretaria do Tribunal

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617